

9 DEDOS

[F. J. Ossang, 2017]

369

ESTREA EN NUMAX: 19.04.2018 | V.O.S.E.

9 Doigts (2017, 99')

Dirección: F.J.Ossang

Guión: F.J.Ossang

Elenco: Gaspard Ulliel, Paul Hamy, Damien Bonnard, Pascal Gregory, Diogo Dória, Lisa Hartman, Alexis Manenti, Lionel Tua, Elvire, Susana Afonso Lopes

Son: Julien Cloquet

Montaxe: Walter Mauriot

Vestuario: Karine Charpentier

Dirección de arte: Rafael Mathias Monteiro

Fotografía: Simon Roca

Música: M.K.B. Fraction Provisoire, Jack Belsen

Produtoras: 0:15! Productions, O Som e a Fúria,

OSS-100 Films et Documents (Francia, Portugal)

Distribuidora: Capricci Cine

Formato de proxección: DCP4K

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Dharma Guns, 2011

Vladivostok!, 2008 [curtametraxe]

El cielo se ha apagado, 2008

[curtametraxe]

Silencio, 2007 [curtametraxe]

Doctor Chance, 2007

El tesoro de las islas Chiennes, 1990

L'affaire des divisions Morituri, 1985

The Last Enigma, 1982 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2017 (Mellor dirección)

SINOPSE

Noite pecha nunha estación de tren. A sorte de Magloire está botada cando, fuxindo dunha redada, termina co feixe de billetes dun home moribundo na man. A excéntrica banda de criminais de Kurtz captúrao e convérteo no seu cómplice. Logo dun roubo desastroso, a banda embarca nun buque de carga cunha atmosfera cada vez máis abafante. Os homes de Kurtz parecen ser os monicreques dunha conspiración tramada polo misterioso 9 Dedos...

«Cinema *noir*, expresionista, post-apocalíptico. Un capítulo notábel da historia do cinema que se segue a escribir»

José Sarmiento-Hinojosa, DESISTFILM



“Sempre me gustou a arquitectura do cemento”

Entrevista con F.J. Ossang
Por Jérôme Momcilovic

Unha dúbida envolve 9 dedos. Que é exactamente *Nowhereland*? É difícil dicilo. Cada persoa pode interpretalo de maneira diferente. De feito, é así no filme: os personaxes imaxinan cada un ao seu xeito. Pero pódese dicir que é en parte a pedra de toque dun dos temas esenciais do filme: a desrealización.

Trátase dunha «zona terrestre onde as emocións se paralizan, un espazo de glaciación afectiva; os seres humanos actúan nela como deportados, un ten a impresión de que se condensan...»

É un revelador desta desrealización, da idea dun mundo que se volve cada vez máis abstracto. Pero é tamén a idea dunha área fóra de calquera rádar, o que entronca cun dos meus recorrentes caprichos: un mundo non inventariado. Sempre me fascinaron os planos e a cartografía. Tamén a famosa cita «o mapa non é un territorio», pronunciada por Korzybski, quen influíu na psicoxeografía dos situacionistas e tamén en William Burroughs. Resulta que lin recentemente *El corazón de las tinieblas*, de Joseph Conrad, que sempre foi moi importante para min (...) Volvendo ao *Nowhereland* do filme, é unha illa á deriva, o que nos leva de novo aos situacionistas, unha zona temporal porque se encontra en continuo movemento.

Os teus filmes asóciáanse xeralmente a un imaxinario punk e industrial, por tanto urbano. Porén, case non filmas a cidade: ese gusto polo aceiro, polas máquinas, está sempre levado a grandes espazos, a decorados case elementais como o das Azores, onde conclúe 9 dedos. Si, todo está ligado a un imaxinario da conspiración: fábricas secretas no máis remoto de Siberia, da Patagonia ou en zonas volcánicas... Sempre me gustou a arquitectura do cemento. De feito, gústame moito *Bunker Archeology*, o libro de Paul Virilio sobre o Muro Atlántico. De pequeno, encantábanme os encoros, que descubría acompañando a meu pai. Era xa un mundo de película. No fondo, esta mestura da que falas e que se atopa nos filmes, parte da realidade. A totalidade do guión de *9 dedos* é unha ensoñación a partir de feitos obxectivos. Non hai que esquecer que existen fábricas no campo, que son froito dunha corrente de pensamento vinculada aos filósofos filántropos. O cinema é o real que soña coa realidade, é unha ensoñación sobre cousas obxectivas.

Esta unión entre a natureza e o metálico demostra o teu gusto polas contornas intermedias, entre dúas realidades... Si, atráenme as zonas de choque. É por iso que me encanta Vladivostok, onde rodei *El cielo se ha apagado* (2008) e *Vladivostok* (2008). É un lugar apaixonante, a antiga gran base naval do Pacífico, que durante moito tempo foi unha cidade secreta, un territorio onde se cruzaban varias culturas, onde existen zonas virxes como

non se coñecen en Europa. Gústame o industrial, o tóxico, o artificial, o que liga con aquelas cousas máis elementais. Os lugares que son ao mesmo tempo fin do mundo e nova xuventude do mundo.

Por outra banda, como nos teus filmes anteriores, 9 dedos convida a preguntarse se a narración se sitúa antes ou despois da apocalipse... No fondo é o mesmo. Sempre me colgan esta imaxe apocalíptica... É evidente que nos achegamos a unha fin, como o mostran algúns sinais... Pero a apocalipse é tamén revelación, o intre no que as cousas se revelan. Existe unha convivencia entre a idade das tebras e a nacente idade de ouro. O que me asusta é que xa pasásemos a apocalipse e non teñamos visto nada!

Entre todos os teus filmes quizais sexa o que máis se achegue ao imaxinario romántico e gótico de Murnau. O barco, a enfermidade a bordo, elementos que evocan a Drácula e a Nosferatu. Todos estes territorios están unidos. Os anos de ouro do cinema mudo, que son moi importantes para min, foron conducidos pola elite da vangarda poética. Aquilo ao que nos referimos como cinema expresionista contén en realidade moito máis da pintura xermánica que da expresionista. Curiosamente, moito tempo despois definíriase aos punks como románticos electrocutados.

Publicado en <http://capriccicine.es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Corazón da escuridade, Joseph Conrad
Positivas, 1997

Lo que viene, Paul Virilio
Arena Libros, 2005

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



distribucion.numax.org/leon
coproducción Nobuhiro Suwa (coproductor) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Samy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (coproductores) Nobuhiro Suwa, coproducción «Fague en Mineur(s)» de Jean-Pierre Léaud (coproductor) Tom Harari (coproductor) Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset (coproductores) Thomas Grézaud (coproductor) Inés De La Bevière (coproductora) Martial Salomon (coproductor) Olivier Marguerit (coproductor) Michiko Yoshitake-Jérôme Dopflet (coproductores) Yuji Sadai (coproductor) Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (coproductores) Région Provence-Alpes-Côte d'Azur (coproductores) Département des Alpes-Maritimes (coproductores) CNC (coproductor) Agency for Cultural Affairs du Gobierno de Xapón (coproductores) FILM-EN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End (distribución) NUMAX Distribución